

# OSONOIRQ

Primavera  
11/12 abril

organiza



colabora



## ABRAHAM BOBA ES

Abraham Boba destila clase, elegancia e melancolía, e o seu primeiro álbum, titulado igual ca el, está chamado a converterse nunha das sorpresas da tempada. Para a maioría pode ser un gran descoñecido, pero non o dubiden, algún que segue a senda de Gainsbourg, Cohen, Hawley, Cave, Staples e Hardin —entre outros grandes—, só puido vir para quedar. É pianista, crooner, compositor, fai os arranxos, pero... quen está detrás de Abraham Boba? A resposta é David Cobas Pereiro: un vigués afincado en Barcelona que leva tempo dando forma ao seu alter ego, definindo o seu estilo e xeito de escribir e interpretar durante anos de aprendizaxe, primeiro con Tedium, con quen gravou un disco, e despois co dúo instrumental Belmonde, con quen editou un par de álbums.



## MICAH P. HINSON USA

É curioso repasar o moito que xa se escribiu sobre Micah P. Hinson para a curta idade que ten. Algúns ven nel un dos grandes da música de raíces americanas dos próximos anos; pero, que hai de certo en todo iso? Que ten este mozo de Memphis (Tennessee) que parece revolucionar unha parte do galifeiro da música pop actual?

Un paso fundamental para dar resposta a estas preguntas é velo en directo. É precisamente no campo de batalla onde Micah cimenta as expectativas que nel se depositaron; e todo iso sen meternos a valorar se a súa produción ata o momento é máis ou menos elevada.

Despois dunha serie de anos turbulentos, 2004 catapultou a Micah P. Hinson. Pasou de ser un mozo skater sen sorte a publicar un dos discos de debut recibidos con máis entusiasmo dese ano, Micah P. Hinson And The Gospel Of Progress (que entrou en numerosas listas do mellor de 2004, entre elas as de "Uncut", "The Independent" e "Time Out"). A partir de aí, empezou a tocar con Iron & Wine, The Earlies, Devendra Banhart, Smog e, máis recentemente, foi invitado a unha xira no Reino Unido con KT Tunstall e Richard Hawley.

O directo de Micah P. Hinson resulta contundente e intenso, froito dunha persoal voz e un maduro xeito de escribir, presenzas ben reais ao longo do novo espectáculo centrado no novo álbum, Micah P. Hinson And The Opera Circuit, traballo este, máis áspero que o seu predecesor pero máis vigoroso e honesto, country

## THE WAVE PICTURES UK

The Wave Pictures son David Tattersall, Franic Rozycki e Jonny "Huddersfield" Helm. En 1998 Franic e David viviron nunha aldea chamada Wymeswold (UK), onde comezaron a compoñer música con Hugo J. Nobre nas percusións. Chamáronlle ao proxecto Blind Summit. Poucos anos despois cambiaron de batería e durante estes anos, coa formación e nome actual, tocaron esporadicamente no Reino Unido, Francia e Nova York. Durante este tempo participaron en varios festivais por toda Europa e invítáronos a acompañar as xiras de Herman Dune e The Jeffrey Lewis Band. David tamén cantou a canción de Wave Pictures titulada "Dust Off Your Heart" con Herman Dune para unha sesión de radio co gran John Peel. A súa última aposta é un single para o prestixioso selo 4AD á espera da publicación do seu primeiro gran disco.



## DARREN HAYMAN BAND UK

Se precisas ler isto, estás perdido. De Hefner díxéronse tantas cousas, e tantas certas, que case calquera cousa que se fale sobre eles está de máis. Os Pavement da campaña inglesa son autores de semellante cantidade de himnos que, sen eles, a historia do indie da década de 1990 é un montón de folios en branco e sen encadernar. Tras diversos proxectos, dos que o máis laureado foi a banda de pop electrónico The French, Darren Hayman decidiu utilizar o seu nome propio para facer o que mellor sabe. O de Essex presentouse no Tanned Tin 2004 acompañado de ukelele e piano de xoguete, porque Darren Hayman é o que sería Jarvis Cocker se non descubrixe o seu sex-appeal. O raro da clase, un nerd en potencia. E, esta vez, unha banda encargárase de darlle o acompañamento que merece nun momento en que é actualidade máis ca nunca. A súa visita coincide co lanzamento dun dos grandes

éxitos de Hefner, a recompilación de rarezas do grupo que é Catfight, e o seu primeiro álbum en solitario (antes viñeron varios Eps).

Resucitado en Table For One, Darren Hayman reaviva o lume da banda que lle deu a fama e volve botar un pulso á vida moderna cargado de enxeño. Entre arranxos que son como algodón de azucre, como unha presa de caramelos, e retallos de electrónica lo-fi, este londiniense convencido canta historias coa marca da casa (a hilarante e desesperada "A Wasted Year" ou "Doug Yule's Velvet Underground", algo así como o libro de autoaxuda para o futuro músico, merecen mención á parte). O comezo do disco é como volver a finais da década de 1990 e darse de fociños cos mellores tempos. Encantador, Darren canta "non deixes que as cousas vellas cambien / deixa por unha vez que as cousas sigan igual". Porque Table For One, a canción, é unha brillante celebración dos vellos tempos. E que por eles sexa.

Desde as 17:00 h.  
Teatro Roberto Vidal Bolaño  
Cidade Universitaria  
Campus Universitario de Vigo  
\*entrada libre ata completar aforo



éxitos de Hefner, a recompilación de rarezas do grupo que é Catfight, e o seu primeiro álbum en solitario (antes viñeron varios Eps).

Resucitado en Table For One, Darren Hayman reaviva o lume da banda que lle deu a fama e volve botar un pulso á vida moderna cargado de enxeño. Entre arranxos que son como algodón de azucre, como unha presa de caramelos, e retallos de electrónica lo-fi, este londiniense convencido canta historias coa marca da casa (a hilarante e desesperada "A Wasted Year" ou "Doug Yule's Velvet Underground", algo así como o libro de autoaxuda para o futuro músico, merecen mención á parte). O comezo do disco é como volver a finais da década de 1990 e darse de fociños cos mellores tempos. Encantador, Darren canta "non deixes que as cousas vellas cambien / deixa por unha vez que as cousas sigan igual". Porque Table For One, a canción, é unha brillante celebración dos vellos tempos. E que por eles sexa.

Abraham Boba  
11 abril. 17:30 h  
Micah P. Hinson  
11 abril. 19:00 h  
The wave pictures  
12 abril. 17:30 h  
Darren Hayman & Band  
12 abril. 19:00 h